



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000162

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPTE. DE CONTRATACIÓN C08/2019.CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS. POS+ 2019.

EXPEDIENTE:2019/G003/000162

ANTECEDENTES:

Negociado: Contratación.

Expte: C08/2019

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultadas que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada en data 17 de decembro de 2018 no que se aprobou o proxecto da obra denominada "CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS" cun orzamento total de CORENTA MIL SETENTA E UN EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (40.071,17 €), IVE incluído.

Visto que por providencia desta Alcaldía de data 22 de maio de 2019, na que se xustifica a necesidade da presente contratación así como a non división en lotes do obxecto do contrato, iniciouse o expediente de contratación desta obra, por procedemento aberto simplificado, resultando de aplicación o prego-tipo de cláusulas particulares aprobados pola Deputación Provincial.

Incorporados ó expediente todos ós documentos preceptivos e visto o informe de secretaría-intervención, cómpre aprobar o expediente para a contratación da obra, polo que de acordo co artigo 117 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación (que inclúe o prego de cláusulas administrativas anexo ao presente acordo) por procedemento aberto simplificado da obra "CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS", cun importe de CORENTA MIL SETENTA E UN EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (40.071,17 €), desglosado nun valor estimado de TRINTA E TRES MIL CENTO DEZASEIS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (33.116,67 €), e o imposto sobre o valor engadido de SEIS MIL NOVECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (6.954,50 €).



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000162

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 453.05.61900 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- De conformidade co artigo 326 e a Disposición Adicional 2ª, apartado 7, da LCSP, nomear aos seguintes membros da Mesa de Contratación permanente do concello de Mesía para a presente contratación:

Presidente: O alcalde, D Mariano Iglesias Castro.

Vogais: D Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor, Dª Inés Sánchez del Río, funcionaria administrativa.

Secretaria: Dª Carmen Blanco Villares, funcionaria administrativa.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación publicando esta resolución e o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

En Mesía, mércores 22 de maio de 2019.

O Alcalde/Presidente,

Mariano Iglesias Castro.